

## **ORDENANZA FISCAL Nº 18**

### **ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POR PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR**

#### **Artigo 1º.- Fundamento legal**

En uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/85, reguladora das bases de réxime local e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 en relación co artigo 20 da Lei 39/88, do 28 de decembro, reguladora das facendas locais, na súa nova redacción dada pola Lei 25/1998, do 13 de xullo, de modificación do réxime legal das Taxas Estatais e Locais e de Reordenación das Prestacións Patrimoniais de Carácter Público, o Concello de Val do Dubra establece a taxa por prestación do servizo de axuda no fogar, que se rexerá pola presente ordenanza fiscal.

#### **Artigo 2º.- Feito imponible**

Constitúe o feito imponible da taxa pola prestación do servizo de axuda no Fogar.

#### **Artigo 3º.- Suxeitos pasivos**

Son suxeitos pasivos desta taxa, en concepto de contribuíntes as persoas que resulten beneficiadas ou afectadas pola actividade administrativa ou servizo que constitúe o feito imponible desta taxa.

#### **Artigo 4º.- Responsables**

Responderán solidariamente das obrigas tributarias do suxeito pasivo, as persoas físicas ou xurídicas que son causantes ou colaboran na realización dunha infracción tributaria.

#### **Artigo 5º.- Exencións, Reducións e Bonificacións**

Estarán exentos aqueles suxeitos pasivos que non superen as contías mínimas previstas para o cálculo da cota tributaria do artigo 6º.

#### **Artigo 6º.- Base imponible e cota tributaria**

A base imponible virá determinada pola cantidade de 4,21 € por hora (700 pts por hora), revisable anualmente e de forma automática segundo o Índice de Prezos ó Consumo que publique o Instituto Nacional de Estadística, ou organismo que o substitúa.

Igualmente revalorizarase a base do baremo coas subidas anuais do Salario Mínimo Interprofesional e pensión mínima de xubilación.

A cota tributaria calcularase multiplicando as horas do servizo polo custo da hora por un porcentaxe que terá en conta a situación familiar do suxeito pasivo, coas tarifas que se sinalan a continuación:

## A) PERSOAS QUE VIVEN SOAS

1. Se necesitan axuda e os seus ingresos persoais totais son iguais á contía da pensión mínima de xubilación.....25%
2. Se necesitan axuda e os seus ingresos persoais totais superan nun 25% a contía da pensión mínima de xubilación da Seguridade Social vixente.....50%
3. Se necesitan axuda e os seus ingresos persoais totais superan nun 50% a contía da pensión mínima de xubilación da Seguridade Social vixente.....75%
4. Se necesitan axuda e os seus ingresos persoais totais superan nun 75% a contía da pensión mínima de xubilación da Seguridade Social vixente.....100%

## B) PERSOAS QUE CONVIVEN CON OUTRA PERSOA

### I. Cando as persoas que conviven sexan cónxuxes

1. Se necesitan axuda e os seus ingresos persoais totais superan nun 25% a contía da pensión mínima de xubilación da Seguridade Social vixente máis o complemento por cónxuxe a cargo.....25%
2. Se necesitan axuda e os seus ingresos persoais totais superan nun 50% a contía da pensión mínima de xubilación da Seguridade Social vixente máis o complemento por cónxuxe a cargo.....50%
3. Se necesitan axuda e os seus ingresos persoais totais superan nun 75% a contía da pensión mínima de xubilación da Seguridade Social vixente máis o complemento por cónxuxe a cargo.....75%
4. Se necesitan axuda e os seus ingresos persoais totais superan nun 100% a contía da pensión mínima de xubilación da Seguridade Social vixente máis o complemento por cónxuxe a cargo.....100%

### II. Cando as persoas que conviven non son cónxuxes:

- 1 Se necesitan axuda e os seus ingresos persoais totais superan nun 25% a contía do Salario Mínimo Interprofesional.....25%
2. Se necesitan axuda e os seus ingresos persoais totais superan nun 50% a contía do Salario Mínimo Interprofesional.....50%
3. Se necesitan axuda e os seus ingresos persoais totais superan nun 75% a contía do Salario Mínimo Interprofesional.....75%

4. Se necesitan axuda e os seus ingresos persoais totais superan nun 100% a contía do Salario Mínimo Interprofesional.....100%

### C) PERSOAS QUE VIVEN EN FAMILIA (que non teñan dereito a gratuidade)

Para a determinación da cota tributaria terase en conta a renda per cápita mensual, entendendo como a suma dos ingresos totais dos membros da unidade familiar dividida polos números destes.

1. Se a renda per cápita familiar supera o 50% do Salario Mínimo Interprofesional .....50%

2. Se a renda per cápita familiar supera o 75% do Salario Mínimo Interprofesional.....75%

3. Se a renda per cápita familiar supera o 100% do Salario Mínimo Interprofesional.....100%

### **Artigo 7º.- Devengo e período impositivo**

A taxa devengarase cando se inicie a prestación do servizo.

O período impositivo coincide co ano natural, prorrateando por meses.

### **Artigo 8º.- Liquidación, Recadación, Xestión**

A liquidación da cota tributaria practicarase por meses naturais e aboarase nos primeiros quince días naturais do mes seguinte. O abono efectuarase nas contas da Tesourería municipal a través das entidades financeiras con sucursal no municipio.

### **Artigo 9º.- Infraccións e sancións**

En materia de infraccións e sancións estarase ó disposto na Lei xeral tributaria e nas disposicións que a complementen e desenvolvan.

### **DISPOSICIÓN FINAL**

A presente ordenanza fiscal derroga a ordenanza fiscal Nº 18, reguladora do prezo público do Servizo de Axuda no Fogar, aprobada polo Pleno de data 23 de xuño 1998. Entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e será de aplicación a partir do 1 de xaneiro de 1999, permanecendo vixente ata que se acorde a súa modificación ou derogación expresa.

**DILIXENCIA.-** A presente Ordenanza Fiscal foi aprobada polo Pleno do Concello de Val do Dubra o día \*\* de \*\*\* de 1998.

O PRESIDENTE.

O SECRETARIO.

